



TRIBUNAL CUALIFICADOR DAS PROBAS SELECTIVAS PARA CUBRIR UNHA PRAZA DA CATEGORÍA PROFESIONAL DE **MÉDICO DE EMPRESA**, GRUPO I, POLA QUENDA DE ACCESO LIBRE, DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, CONVOCADAS POR RESOLUCIÓN REITORAL DE 19 DE MAIO DE 2017 (DOG 02/VI/2017)

Exercicio: segundo exercicio, exame tipo test

Duración: 125 minutos

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2018

Non abra este cadernillo ata que o indique o Tribunal

1. En relación co tempo estándar (TE) de incapacidade temporal (IT) do Instituto Nacional da Seguridade Social non é certo que:
 - a. Nos procesos crónicos, que evolucionan con períodos de agravación e melloría ou estabilización, o criterio xeral que se seguiu para a asignación do TE é o diagnóstico inicial.
 - b. En procesos clínicos graves, con importantes limitacións orgánicas e/ou funcionais e con tendencia á agravación progresiva, o TE asignado corresponde co que se considera necesario para o estudo, confirmación diagnóstica e valoración da resposta ao tratamento.
 - c. En procesos banais aínda que poden ser compatibles co desenvolvemento da maioría das actividades laborais asignouse un TE de 4 días.

2. O Instituto Nacional da Seguridade Social na terceira edición do Manual de Tempos Óptimos de Incapacidade Temporal contempla que o tempo estándar de incapacidade temporal para a síndrome de tensión premenstrual é de:
 - a. Non está contemplado o TE de IT para a síndrome de tensión premenstrual.
 - b. Dous días.
 - c. Catro días.

3. Unha das características da vixilancia da saúde é que debe ser específica, isto implica:
 - a. Que sempre deben seguirse as disposicións legais con relación á protección de riscos específicos.
 - b. Que deberá quedar reflectido no historial médico-laboral os riscos aos que o traballador está exposto e os protocolos específicos aplicados.
 - c. Que é imposible establecer un protocolo de vixilancia médica sen coñecer os resultados da avaliación de riscos.

4. O Regulamento dos Servizos de Prevención dispón que a periodicidade e o contido da vixilancia da saúde específica será establecida por:
 - a. O Ministerio de Sanidade e as Comunidades Autónomas.
 - b. O Ministerio de Sanidade e o Ministerio de Traballo.
 - c. Membros de sociedades científicas competentes e o Ministerio de Sanidade.

5. Non levar a cabo unha investigación en caso de producirse un dano para a saúde dos traballadores, considérase:
 - a. Infracción administrativa grave.
 - b. Infracción administrativa moi grave.
 - c. Dependendo do dano podería considerarse infracción penal grave.

6. Un traballador con VIH pode ser vacinado fronte á varicela?
 - a. Pode recibir a vacina se está asintomático e presenta un recuento de linfocitos T CD4 maior ou igual a 200 células/microgramo.
 - b. Non pode recibir ningunha vacina con virus atenuado por ser inmunodeficiente.
 - c. Pode recibila pero non produciría anticorpos ao ter a inmunidade alterada.

7. A vacinación fronte á varicela está indicada en todos os traballadores sanitarios que non presenten inmunidade, nestes casos, cal é a pauta vacinal?
 - a. Dúas doses de vacina antivariçela cun intervalo mínimo de catro semanas entre as doses.
 - b. Dúas doses de vacina antivariçela cun intervalo mínimo de tres meses entre as doses.
 - c. Dúas doses de vacina antivariçela cun intervalo mínimo de 6 meses entre as doses.

8. A vacina da Hepatite B:
 - a. Contén virus enteiros atenuados.
 - b. Contén virus enteiros inactivados.
 - c. Contén subunidades de virus inactivados.

9. No caso de viaxe a zonas endémicas recoméndase a inmunización fronte á febre tifoidea, a vacina por vía oral:
 - a. Está contraindicada en mulleres con inmunodeficiencias e mulleres embarazadas.
 - b. Soamente está contraindicada en persoas con inmunodeficiencias.
 - c. A vacina por vía oral non está contraindicada en ningún dos casos anteriores, a que está contraindicada é a vacina parenteral.

10. O test de apercepción temática "TAT" inclúese dentro das técnicas:
 - a. Metodolóxicas.
 - b. Situacionais.
 - c. Proxectivas.

11. Na fase de retirada dos tratamentos con benzodiazepinas e para evitar a síndrome de abstinencia recoméndase unha retirada gradual de:
 - a. 10% cada 15 días.
 - b. 20% cada 15 días.
 - c. 15% cada 15 días.

12. Dentro do concepto de probabilidade a premisa "Sempre que os sucesos sexan equiprobables, a probabilidade de obter cada resultado será igual ao cociente entre casos favorables e casos probables", correspóndese con:
 - a. O teorema de Bayes.
 - b. A regra de Laplace.
 - c. O teorema da probabilidade condicionada.

13. Cando queremos estimar o risco de padecer unha enfermidade ao estar expostos ao factor de risco, o *odds ratio* é un estimador adecuado do risco relativo cando a proporción de suxeitos diagnosticados enfermos é:
 - a. Alta.
 - b. Baixa.
 - c. A proporción de suxeitos enfermos e sans é similar.

14. Para realizar un diagrama de barras (*bar chart*):
 - a. Colocamos no eixo de abscisas as categorías da distribución a representar e no eixo de ordenadas as frecuencias ou porcentaxes.
 - b. Colocamos no eixo de ordenadas as categorías da distribución a presentar e no eixo das abscisas as frecuencias ou porcentaxes.
 - c. A cada clase asígnaselle un sector que se coloca no eixo de abscisas e no eixo de ordenadas a frecuencia da expresión.

15. Cal destas enfermidades é de declaración numérica semanal con envío de datos epidemiolóxicos básicos nun informe anual?
 - a. Febre tifoidea/Febre paratifoidea.
 - b. Triquinose.
 - c. Herpes Zoster.

16. En relación aos estudos para determinar os valores límite das substancias químicas, cal destes estudos ofrece a posibilidade de estimar un NOAEL (nivel sen efecto adverso):
 - a. Os estudos con voluntarios.
 - b. Os estudos transversais.
 - c. Os estudos epidemiolóxicos.

17. Un técnico sofre un accidente durante a revisión mensual do ascensor dunha comunidade de veciños, ao cubrir o parte de accidente a categoría adecuada para o campo “lugar de accidente” será:
 - a. Outro centro de traballo.
 - b. In itinere.
 - c. En desprazamento.

18. Un traballador desprazado a outra cidade durante unha semana por motivos de traballo, sofre un accidente no hotel onde está aloxado e o caso recoñécese como accidente de traballo, a categoría adecuada para o campo “lugar do accidente” ao cubrir o parte de accidente será:
 - a. In itinere.
 - b. En desprazamento.
 - c. Noutro centro

19. As enfermidades non incluídas na lista de enfermidades profesionais que contraia o traballador con motivo da realización do seu traballo, sempre que se probe que a enfermidade tivo por causa exclusiva a execución do mesmo:
 - a. Recóllense na base de datos do sistema CEPROSS, nun anexo específico.
 - b. Recóllense na base de datos do sistema PANOTRATSS.
 - c. Está prevista pola Seguridade Social a creación dun sistema específico cun ficheiro de datos para poder proceder á súa declaración.

20. Segundo o Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo (INSHT) a taxa xeral de absentismo é:
 - a. O nº promedio de xornadas perdidas por incapacidade temporal (IT) e por cada empregado no período de observación.
 - b. O nº de horas perdidas totais durante o período de observación por cada 100 horas traballadas.
 - c. O nº de procesos que cursan con incapacidade temporal (IT) e que foron observados no período de estudo por cada 100 traballadores expostos.

21. A forma de afectación osteoarticular máis frecuente producida por vibracións é:
 - a. Necrose do semilunar.
 - b. Necrose do piramidal.
 - c. Necrose do trapezoide.

22. O termo sobrecarga térmica correspóndese con:
 - a. A carga neta de calor á que os traballadores están expostos.
 - b. A carga de calor que sofren os traballadores cando desenvolven o seu traballo en condicións ambientais de altas temperaturas.
 - c. A resposta fisiolóxica do corpo humano á tensión (*estrés*) térmica.

23. O *Streptomyces albusse* relaciona cunha neumonite por hipersensibilidade en:
 - a. Traballadores da malta.
 - b. Cultivadores de cogomelos.
 - c. Traballadores de fertilizantes.

24. A sintomatoloxía na síndrome tóxica por po orgánico xeralmente desaparece:
 - a. Ao día seguinte de comezar a clínica.
 - b. Aos 3-5 días.
 - c. Aos 20-30 días.

25. O mecanismo de produción na dermatite irritativa é por:
 - a. Complexos inmunes.
 - b. Efecto citotóxico directo.
 - c. Inmунidade celular tipo I.

26. A lista de traballadores expostos debe conservarse durante máis de 10 anos despois da última exposición, no caso de:
- Exposición a parvovirus humano.
 - Exposición a virus de papiloma humano.
 - Exposición a citomegalovirus.
27. Calquera profesión pode estar exposta a infeccións estafilocócicas e estreptocócicas pero son máis frecuentes naquelas profesións:
- Relacionadas co despezamento e a extracción de ósos.
 - Relacionadas co cultivo de organismos en medios acuáticos (acuicultura).
 - Relacionadas co muxido de ovellas e cabras.
28. A infección bacteriana *Erisipeloide de Rosembach* podémola atopar en:
- Traballadores agrícolas.
 - Veterinarios e curtidores.
 - Manipuladores de carne de pito, peixe e crustáceos.
29. O regulamento (CE) 1272/2008 sobre clasificación, etiquetaxe e envasado de substancias e mesturas (Regulamento CLP) clasifica os axentes carcinóxicos en:
- Catro categorías: carcinóxico en humanos, sospeitoso de ser carcinóxico para humanos, non clasificable como carcinóxico en humanos e non sospeitoso de ser carcinóxico en humanos.
 - Dúas categorías: carcinóxico ou supostos carcinóxicos para o home e sospeitoso de ser carcinóxico para o home.
 - Tres categorías: carcinóxico para o home, probablemente carcinóxico para o home e probablemente non carcinóxico para o home.
30. O berilio:
- É carcinóxico para os seres humanos.
 - É carcinóxico e mutaxénico para os seres humanos.
 - É mutaxénico para os seres humanos.
31. A exposición a dimetilformamida relaciónase con:
- Un aumento do cancro testicular.
 - Un aumento do cancro de páncreas.
 - Un aumento do cancro de seos paranasais.
32. Cal é o fármaco de elección na dor neuropática post-traumática?
- Parches de capsaicina.
 - Amitriptilina.
 - Opioides.
33. A aparición de fotofobia, horas ou días despois dunha queimadura química, xunto co achado de escintileos (*destellos*) e glóbulos brancos na cámara anterior durante o exame con lámpada de fendidura fai pensar en:
- Uveitis química.
 - Iritis química.
 - Perforación corneal.
34. As queimaduras oculares térmicas tenden a afectar sobre todo a:
- Pálpebra.
 - Conxuntiva.
 - Córnea.

35. Que patoloxía relacionaría con traballos que combinan agarres fortes con xiros ou desviacións cubitales e radiais repetidas ou forzadas da man:
- Tenosinovite estenosante dixital.
 - Tenosinovite estenosante de Quervain.
 - Tenosinovite do extensor longo do primeiro dedo.
36. Sinala a causa da tenosinovite do extensor longo do primeiro dedo:
- Flexión repetida do dedo.
 - Manter dobrada a falanxe distal do dedo mentres permanecen rectas as falanxes proximais.
 - Movimentos rotatorios repetidos do brazo.
37. A tenosinovite estenosante de Quervain pode asociarse a:
- Diabete Mellitus.
 - Artrite psoriásica.
 - Hipotiroidismo.
38. Unha das seguintes manobras exploratorias, será positiva na tendinite do bicipital:
- Manobra de Jobe.
 - Manobra de Speed.
 - Manobra de Neer.
39. A parálise do radial, na síndrome do supinador, prodúcese por:
- Esmagamentos de curta duración por obxectos sobre o nervio.
 - Compresión crónica recidivante (contraccións repetidas dos músculos veciños ao nervio).
 - Por tracción lonxitudinal sobre o nervio.
40. Na exploración do ombreiro doloroso cando a manobra de Patte é positiva debemos pensar en:
- Tendinite do supraespinoso.
 - Tendinite do infraespinoso.
 - Bursite subacromial.
41. A nodulose reumatoide acelerada está en relación con:
- O tempo de evolución da artrite reumatoide.
 - O inicio do tratamento con metotrexato.
 - A idade de presentación da artrite reumatoide.
42. Nun paciente que presenta unha hiperemia conxuntival intensa, a instilación dunha pinga de colirio de fenilefrina ao 10% no fondo do saco conxuntival do ollo:
- Axuda a facer o diagnóstico diferencial entre conxuntivite e esclerite.
 - Axuda a facer o diagnóstico diferencial entre glaucoma e uveíte.
 - Está absolutamente contraindicado xa que pode agravar a esclerite.
43. Unha das seguintes afirmacións relativas á conxuntivite vernal, non é correcta:
- É un proceso inflamatorio de causa descoñecida.
 - O pico de incidencia está entre os 11 e 13 anos e é dúas veces máis frecuente en nenos que en nenas.
 - Recibe o nome de catarro primaveral e adoita ser unha patoloxía cun carácter autolimitado e que raramente recorre.
44. Os puntos de Horner-Trantas son característicos de:
- A conxuntivite papilar xigante.
 - A conxuntivite vernal con afectación limbar.
 - A conxuntivite alérxica estacional.

45. Só unha das seguintes afirmacións en relación cos beta-bloqueantes é certa:
- Son fármacos inotrope e cronotrope positivos.
 - Absórbense rapidamente e na intoxicación por estes fármacos os síntomas poden aparecer xa unha hora post-inxesta.
 - Ante unha intoxicación non está indicado o carbón activado.
46. En relación coa toxicidade dos AINEs, un dos seguintes produce intoxicacións máis graves:
- Metamizol.
 - Ácido mefenámico.
 - Fenilbutazona.
47. Un traballador sufríu un traumatismo cranio-encefálico tras unha caída dunha estada, ao examinalo é capaz de localizar a dor, abre os ollos á dor pero ten unha resposta verbal incoherente, estamos ante un GCS (Escala de Coma de Glasgow) de:
- 8
 - 9
 - 10
48. A hemorraxia epidural aguda tras un traumatismo cranio-encefálico prodúcese xeralmente pola rotura da arteria:
- Vertebral posterior.
 - Menínxea media.
 - Carótida interna.
49. A lesión focal máis frecuente tras un traumatismo cranio-encefálico é:
- Hematoma subdural agudo.
 - Hematoma epidural agudo.
 - Contusión hemorráxica-cerebral.
50. Dentro do grupo de estresores susceptibles de desencadear “a síndrome de estar queimado no traballo” (SQT) ou *burnout*, as disfuncións de rol: conflito-ambigüidade-sobrecarga de rol pertencen ao grupo de:
- Factores de risco a nivel de organización.
 - Factores de risco relativos ás relacións interpersoais.
 - Factores de risco relativos ao deseño do posto de traballo.
51. A secreción de noradrenalina:
- Aumenta a súa concentración principalmente na tensión (*estrés*) de tipo físico, en situacións de alto risco ou de agresividade.
 - Aumenta a súa concentración principalmente na tensión (*estrés*) de tipo psíquico e de ansiedade.
 - Diminúe a súa concentración na tensión (*estrés*) de tipo físico ao producirse unha elevada concentración da secreción de adrenalina.
52. Na relación entre procesos de traballo e respostas neuroendocrinas, o aumento da secreción de catecolaminas e o nivel de cortisol moi baixo ou inexistente correspóndese con:
- Non esforzo e eutrés.
 - Esforzo e eutrés.
 - Pouco esforzo e distrés.
53. A Comisión de Resolución de Conflitos da USC:
- Estará integrada por sete membros da USC, designados polo Consello de Goberno a proposta do Reitor, por un máximo de catro anos.
 - Estará integrada por cinco membros da USC, designados polo Reitor a proposta do Consello de Goberno, por un máximo de catro anos.
 - Estará integrada por sete membros da USC, designados polo Reitor a proposta do Consello de Goberno, por un máximo de catro anos.

54. As actuacións da Comisión de Resolución de Conflitos:
- Requirirán a presenza dun mínimo de tres membros, excepto causa debidamente xustificada.
 - Requirirán a presenza dun mínimo de cinco membros, excepto causa debidamente xustificada.
 - Requirirán a presenza dun mínimo de tres membros.
55. A Comisión de atención ás situacións de acoso sexual, acoso por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero da USC:
- Poderá contar cos asesores ou asesoras que a Comisión estime conveniente, segundo o asunto tratado, que actuarán con voz e voto.
 - Poderá contar cos asesores ou asesoras que a Comisión estime conveniente, segundo o asunto tratado, que actuarán con voz e sen voto.
 - Poderá contar cun máximo de dous asesores ou asesoras que actuarán con voz pero sen voto.
56. Un dos seguintes antídotos é o máis indicado para tratar a intoxicación por benzodiazepinas:
- Piridoxina.
 - Naloxona.
 - Flumazenilo.
57. O principal metabolito final do benceno é:
- Epoxibenceno.
 - Fenol.
 - Ácido benzoico.
58. En relación coas intoxicacións e os seus antídotos, unha das seguintes afirmacións é falsa:
- O xarope de ipecacuana está contraindicado en mulleres embarazadas.
 - O osíxeno está contraindicado na intoxicación por paraquat.
 - A piridoxina está contraindicada na intoxicación por cogomelos hidracínicos.
59. Para avaliar a exposición ao cromo, cal das seguintes afirmacións é máis útil:
- Cromo nos eritrocitos.
 - Cromo en ouriños.
 - Cromo en feces.
60. A exposición a manganeso produce a longo prazo lesións no SNC cursando no período de estado con:
- Neuropatía distal.
 - Afasia e parálise recorrente.
 - Psicose maníaco-depresiva.
61. O alcol metílico metabolízase en:
- Acetaldehído.
 - Ácido acético.
 - Ácido fórmico.
62. No tratamento da intoxicación por Etilenglicol, non se utiliza:
- Fomepizol.
 - Carbón activado.
 - Bicarbonato.
63. A exposición prolongada a Metil-butilcetona pode producir:
- Neuropatía sensoriomotriz periférica.
 - Neuropatía motora proximal.
 - Neuropatía sensitiva distal.

64. Na intoxicación aguda por anilina o primeiro síntoma adoita ser:
- Mareo e debilidade.
 - Cefalalgia.
 - Taquicardia.
65. En relación coa absorción por vía dérmica da anilina, non é certo que:
- A penetración dérmica diminúe co tempo de exposición.
 - O aumento de temperatura e humidade favorecen o grao de absorción.
 - É a segunda vía de absorción no ámbito laboral.
66. Unha das seguintes afirmacións en relación co benceno non é certa:
- Existe posibilidade de absorción dérmica a través de pel.
 - Do 12 ao 50 % se excreta sen alterar por aire expirado.
 - Na intoxicación aguda, o efecto tóxico máis importante é a lesión hepática que pode conducir a fallo hepático agudo.
67. As oximas utilízanse en caso de intoxicación por:
- Praguicidas.
 - Acetonas.
 - Monóxido de carbono.
68. O mecanismo de acción máis probable da toxicidade humana do paraquat está relacionado con:
- Aumento da superoxidodismutasa e NADPH.
 - Deplección da superoxidodismutasa e NADPH.
 - Ningunha é correcta.
69. No caso de intoxicación por praguicidas organofosforados:
- Inhibese a acetilcolinesterasa eritrocitaria.
 - Inhibese a pseudocolinesterasa.
 - Inhibense ambas pero en graos diferentes.
70. A toxicidade sistémica do ácido fluorhídrico débese a que produce :
- Hipomagnesemia e hipocalcemia.
 - Hipermagnesemia e hipercalcemia.
 - Hipercalcemia e hipopotasemia.
71. Cal é o antídoto de elección na intoxicación por ácido cianhídrico:
- Fomepizol.
 - Hidroxibalamina.
 - 2,3 dimercaptopropanol sulfonato.
72. Cal das seguintes circunstancias pode dar lugar a unha resposta sub-ótima na vacinación da hepatitis B?
- Vacinación durante proceso gripal agudo.
 - Embarazo.
 - Vacinación rexión glútea.
73. Picor indoloro e lesións eritematosas nos pés, corresponden a:
- Anquilostomiase.
 - Erisipeloide.
 - Leptospirose.

74. O dano corporal definido por Eugenio Pescozo Calón como *todo dano causado á saúde física ou mental dunha persoa* é un concepto:
- Médico.
 - Xurídico.
 - Pericial médico-forense.
75. Xuridicamente as lesións clasifícanse en:
- Lesións non mortais e lesións mortais.
 - Lesións invalidantes e lesións non invalidantes.
 - Lesións dolosas e lesións non dolosas.
76. As infraccións da Lei de Protección de datos, que teñan a cualificación de moi grave prescribíran:
- Aos 6 anos.
 - Aos 4 anos.
 - Aos 3 anos.
77. O consentimento tácito para o tratamento dos datos persoais:
- É válido para o tratamento dos datos automatizados.
 - Debe obterse de forma expresa.
 - Non é válido para o tratamento de datos especialmente protexidos.
78. A resolución de revogación da acreditación de servizo de prevención a unha entidade especializada notificarase no prazo máximo de:
- Un mes desde a data do acordo de iniciación do expediente de revogación.
 - Tres meses desde a data do acordo de iniciación do expediente de revogación.
 - Seis meses desde a data do acordo de iniciación do expediente de revogación.
79. O Servizo de Protección Radiolóxica e a Unidade de Xestión de Residuos da USC:
- Son disciplinas preventivas do Servizo de Prevención de Riscos da USC.
 - Intégranse no Servizo de Prevención de Riscos da USC.
 - Non pertencen ao Servizo de Prevención de Riscos da USC.
80. É unha infracción grave en materia de prevención de riscos laborais:
- Someter, nos termos regulamentariamente establecidos, o sistema de prevención da empresa ao control dunha auditoría ou avaliación externa cando non se concertou o servizo de prevención cunha entidade especializada allea á empresa.
 - Non someter, nos termos regulamentariamente establecidos, o sistema de prevención da empresa ao control dunha auditoría ou avaliación externa cando se concertou o servizo de prevención cunha entidade especializada allea á empresa.
 - Non someter, nos termos regulamentariamente establecidos, o sistema de prevención da empresa ao control dunha auditoría ou avaliación externa cando non se concertou o servizo de prevención cunha entidade especializada allea á empresa.
81. Os sinais relativos aos equipos de loita contra incendios en forma de panel terán:
- Forma rectangular ou cadrada e pictograma negro sobre fondo vermello.
 - Forma rectangular ou cadrada e pictograma vermello sobre fondo branco.
 - Forma rectangular ou cadrada e pictograma branco sobre fondo vermello.
82. De acordo co Real Decreto 393/2007, que aproba a Norma Básica de Autoprotección, o director do Plan de Actuación en Emerxencias dun Plan de Autoprotección:
- Designarase por parte do titular da actividade.
 - Será unha persoa responsable única do Plan de Autoprotección do centro, con autoridade e capacidade de xestión, designado pola Comisión Nacional de Protección.
 - Será necesariamente o titular da actividade.

83. Nun espazo confinado, o risco de asfixia (por esgotamento de osíxeno) aparece cando a concentración de osíxeno da atmosfera é inferior a:
- 25,5%.
 - 23,5%.
 - 19,5%.
84. Segundo o Real Decreto 374/2001, sobre a protección da saúde e seguridade dos traballadores contra os riscos relacionados cos axentes químicos durante o traballo, a definición “as substancias que se forman durante as reaccións químicas e que permanecen ao final da reacción ou do proceso” correspóndese con:
- Produtos intermedios.
 - Subprodutos.
 - Residuos químicos.
85. A avaliación e a medición do nivel de exposición ao ruído efectuaranse, como mínimo:
- Cada ano nos postos de traballo nos que se excedan os valores límite de exposición, ou cada tres anos cando se excedan os valores superiores de exposición que dan lugar a unha acción.
 - Cada ano nos postos de traballo nos que se excedan os valores superiores de exposición que dan lugar a unha acción, ou cada tres anos cando se excedan os valores inferiores de exposición que dan lugar a unha acción.
 - Cada ano nos postos de traballo nos que se excedan os valores límite de exposición, ou cada dous anos cando se excedan os valores superiores de exposición que dan lugar a unha acción.
86. Para a vibración transmitida ao sistema man-brazo:
- O valor límite de exposición diaria normalizado para un período de referencia de oito horas fíxase en $1,5 \text{ m/s}^2$ e o valor de exposición diaria normalizado para un período de referencia de oito horas que dá lugar a unha acción fíxase en $0,5 \text{ m/s}^2$
 - O valor límite de exposición diaria normalizado para un período de referencia de oito horas fíxase en $2,5 \text{ m/s}^2$ e o valor de exposición diaria normalizado para un período de referencia de oito horas que dá lugar a unha acción fíxase en $1,15 \text{ m/s}^2$
 - O valor límite de exposición diaria normalizado para un período de referencia de oito horas fíxase en 5 m/s^2 e o valor de exposición diaria normalizado para un período de referencia de oito horas que dá lugar a unha acción fíxase en $2,5 \text{ m/s}^2$
87. A directiva 2008/98/CE sobre residuos, exclúe do seu ámbito de aplicación:
- Residuos radioactivos.
 - Residuos ecotóxicos.
 - Residuos sensibilizantes.
88. Un residuo perigoso que está clasificado como HP11, indica que se trata dun residuo:
- Tóxico para a reprodución.
 - Mutaxénico.
 - Carcinógeno.
89. En relación coa xestión de residuos, a definición “calquera operación cuxo resultado principal sexa que o residuo sirva a unha finalidade útil ao substituír a outros materiais, que doutro xeito se utilizaron para cumprir unha función particular, ou que o residuo sexa preparado para cumprir esa función na instalación ou na economía en xeral”, corresponde a:
- Reciclado.
 - Substitución de residuo.
 - Valorización.

90. En relación á clasificación de axentes biolóxicos establecida no artigo 3 do RD 664/1997 sobre protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes biolóxicos durante o traballo, os microorganismos que se utilizan nos procesos de elaboración de alimentos e microorganismos ambientais asociados a vexetais ou que forman parte da flora microbiana normal de animais e humanos que non causen infección no home:
- Non se incluírán na clasificación.
 - Están incluídos no grupo 0 da clasificación.
 - Están incluídos no grupo 1 da clasificación.
91. O historial médico dos traballadores expostos a riscos biolóxicos que sexan obxecto de vixilancia sanitaria deberá conservarse:
- Como mínimo durante cinco anos desde o cesamento da exposición e ata 15 anos despois dependendo das características da exposición.
 - Como mínimo durante dez anos desde o cesamento da exposición e ata 25 anos despois dependendo das características da exposición.
 - Como mínimo durante dez anos desde o cesamento da exposición e ata 40 anos despois dependendo das características da exposición.
92. No Anexo III do RD 664/1997 sobre protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes biolóxicos durante o traballo aparece unha lista de axentes biolóxicos. Para determinados axentes proporciónanse indicacións adicionais. En relación con esta simboloxía, a letra D que acompaña a certos axentes biolóxicos significa que:
- A lista dos traballadores expostos ao axente debe conservarse durante máis de dez anos despois da última exposición.
 - Está dispoñible tratamento preventivo en caso de accidente biolóxico.
 - Son axentes a ter en conta en traballadores de depuradoras de augas residuais.
93. O RD 665/1997, do 12 de maio, sobre protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes canceríxenos durante o traballo:
- Considera, nun anexo e de forma xeral, a prevención dos riscos para a saúde pública que poidan derivarse do traballo cos devanditos axentes.
 - Considera a prevención dos riscos para a saúde pública ou os riscos para o medio ambiente que poidan derivarse do traballo cos devanditos axentes.
 - Non considera os riscos para a saúde pública nin os riscos para o medio ambiente que poidan derivarse do traballo cos devanditos axentes.
94. O RD 665/1997, do 12 de maio, sobre protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes canceríxenos durante o traballo, aplícase:
- Tanto se a presenza destes axentes nos lugares de traballo está orixinada pola actividade laboral coma se é propia de locais ou espazos nos que estean situados os lugares de traballo.
 - Exclusivamente cando a presenza destes axentes está orixinada pola actividade laboral.
 - Ningunha é correcta.
95. O RD 374/2001 define “valor límite ambiental para exposición de curta duración” como:
- Valor límite da concentración media, medida ou calculada para calquera período de 10 minutos ao longo da xornada laboral, excepto para aqueles axentes químicos para os que se especifique un período de referencia inferior.
 - Valor límite da concentración media, medida ou calculada para calquera período de 15 minutos ao longo da xornada laboral, excepto para aqueles axentes químicos para os que se especifique un período de referencia inferior.
 - Valor límite da concentración media, medida ou calculada para calquera período de 30 minutos ao longo da xornada laboral, excepto para aqueles axentes químicos para os que se especifique un período de referencia inferior.

96. Os fosfuros:
- Son compostos inestables que reaccionan violentamente co aire.
 - Son substancias facilmente peroxidables.
 - Son compostos cuxo almacenamento prolongado entraña a posibilidade de descomposición.
97. O método de análise por árbore de fallos (*Fault Tree Analysis*), utilizado na avaliación do risco de accidentes por axentes químicos é un método:
- Inductivo.
 - Deductivo.
 - Cuantitativo.
98. Como se denomina a visión crepuscular?
- Fotópica.
 - Escotópica.
 - Mesotópica.
99. O Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo é:
- O órgano colexiado asesor das Administracións Públicas na formulación das políticas de prevención.
 - O órgano con competencias para a vixilancia e control da normativa sobre prevención de riscos laborais.
 - O órgano científico técnico especializado da Administración Xeral do Estado.
100. Quen exercerá a Secretaría da Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo?
- O Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo.
 - A Inspección de Traballo e Seguridade Social.
 - A Secretaria Xeral de Emprego.
101. Os representantes legais dos traballadores poderán acordar, por maioría dos seus membros, a paralización da actividade dos traballadores afectados por un risco grave e inminente. Tal acordo:
- Será comunicado, no prazo de 24 horas, á empresa e á Inspección de Traballo, a cal anulará ou ratificará, de inmediato, a paralización acordada.
 - Será comunicado á empresa e á autoridade laboral, a cal, de inmediato anulará ou ratificará a paralización acordada.
 - Será comunicado de inmediato á empresa e á autoridade laboral, a cal, no prazo de vinte e catro horas, anulará ou ratificará a paralización acordada.
102. A quen lle corresponde a vixilancia do cumprimento por contratistas e subcontratistas da normativa de prevención de riscos laborais?
- As empresas que contraten ou subcontraten con outras a realización de obras ou servizos correspondentes á súa propia actividade e que se desenvolvan nos seus propios centros de traballo.
 - Todas as empresas que contraten ou subcontraten con outras a realización de obras ou servizos.
 - As empresas que contraten ou subcontraten con outras a realización de obras ou servizos non correspondentes á súa propia actividade, sempre que se desenvolvan nos seus propios centros de traballo.
103. Indique a resposta correcta en relación cos delegados de prevención en caso de empresas de ata trinta traballadores:
- Haberá un delegado de prevención que será elixido por e entre os delegados de persoal.
 - Haberá tres delegados de prevención.
 - O delegado de prevención será o delegado de persoal.
104. De acordo co Real Decreto 39/1997 do Regulamento dos servizos de prevención, a disposición de quen se conservará o documento no cal se reflicta o plan de prevención de riscos laborais dunha empresa?
- A autoridade laboral, a Inspección de traballo e os representantes dos traballadores.
 - A autoridade laboral, as autoridades sanitarias e os representantes dos traballadores.
 - A autoridade laboral e a Inspección de Traballo.

105. De acordo co Real Decreto 39/1997 do Regulamento dos servizos de prevención, cales son os instrumentos esenciais para a xestión e aplicación do plan de prevención de riscos laborais?
- A política de prevención de riscos laborais e a programación anual do servizo de prevención.
 - A programación anual do servizo de prevención e a planificación da actividade preventiva.
 - A avaliación de riscos e a planificación da actividade preventiva.
106. De acordo co Real Decreto 39/1997 do Regulamento dos servizos de prevención, a que está dirixido o proceso de avaliación dos riscos laborais?
- A estimar a magnitude de todos aqueles riscos que fosen identificados.
 - A estimar a magnitude daqueles riscos que non puidesen evitarse.
 - A identificar e estimar a magnitude de todos os riscos laborais.
107. Segundo o establecido na Lei 31/1995 de Prevención de Riscos Laborais, quen deberá determinar a relación dos postos de traballo exentos de risco para a maternidade?
- O empresario.
 - O Servizo de Prevención de Riscos.
 - O Comité de Seguridade e Saúde.
108. Que tipo de actuación requirirá un lugar de traballo cunha concentración media anual de radón de 590 Bq/m³?
- Deberá aplicarse un nivel alto de control.
 - Deberá aplicarse un nivel baixo de control.
 - Non é necesario aplicar ningunha medida de control.
109. Os efectos biolóxicos derivados da exposición a radiacións ionizantes caracterízanse por ser:
- Específicos.
 - Non específicos.
 - Específicos a partir dunha determinada dose, denominada dose limiar (*umbral*).
110. Que características recomenda a Guía Técnica do Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo para a avaliación e prevención dos riscos relativos á utilización de lugares de traballo, que deberán terse en conta na selección de chans ou pavimentos dos lugares onde poidan producirse incendios ou explosións por descargas de electricidade estática?
- Características disipativas.
 - Baixa condutividade térmica.
 - Compoñentes ignífugos.
111. Cal é o límite de velocidade de correntes de aire para os lugares de traballo en ambientes non calorosos nos que os traballadores estean expostos de forma frecuente ou continuada?
- 0,15 m/s
 - 0,25 m/s
 - 0,50 m/s
112. Cal é o nivel mínimo de iluminación dunha zona do lugar de traballo onde se executen tarefas de esixencias visuais moderadas esixido polo Real Decreto 486/1997, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo?
- 250 lux
 - 300 lux
 - 200 lux

113. Que consideracións fai a guía técnica do Instituto Nacional de seguridade e Hixiene no traballo para a avaliación e prevención dos riscos relativos á manipulación manual de cargas (RD 487/1997) en canto ás cargas que pesan menos de 3 kg?
- Non entrañan riscos de trastornos musculoesqueléticos.
 - Poderían entrañar riscos de trastornos musculoesqueléticos aínda que non están contemplados no RD 487/1997 como tarefas que xeren riscos de trastornos dorsolumbares.
 - Poderían entrañar riscos de trastornos dorsolumbares.
114. Cal é o peso máximo que se recomenda non exceder en condicións ideais de manipulación e se se quere protexer á maioría da poboación segundo a guía técnica do Instituto Nacional de seguridade e Hixiene no traballo para a avaliación e prevención dos riscos relativos á manipulación manual de cargas (RD 487/1997)?
- 25 kg
 - 20 kg
 - 15 kg
115. Cal é a carga máxima que debería manipularse en postura sentado de acordo ás recomendacións da guía técnica do Instituto Nacional de seguridade e Hixiene no traballo para a avaliación e prevención dos riscos relativos á manipulación manual de cargas (RD 487/1997)?
- 3 kg
 - 5 kg
 - 10 kg
116. Cal é o máximo desprazamento vertical ideal dunha carga recomendado pola guía técnica do Instituto Nacional de seguridade e Hixiene no traballo para a avaliación e prevención dos riscos relativos á manipulación manual de cargas (RD 487/1997)?
- 25 cm
 - 50 cm
 - 75 cm
117. Segundo a Guía técnica do Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo, como actuará o empresario cando se tome a decisión de utilizar equipos de protección individual?
- Debe consultar aos traballadores, implicándoos na selección e definición das características do equipo.
 - Debe consultar aos traballadores sempre que a empresa non teña un técnico de prevención de riscos.
 - Unha vez avaliado o risco, a decisión dos equipos a utilizar despois de comparar os equipos dispoñibles no mercado, é exclusivamente do empresario.
118. O RD 286/2006 de protección da saúde e a seguridade dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición ao ruído, fixa os valores inferiores de exposición que dan lugar a unha acción, referidos aos niveis de exposición diaria e aos niveis de pico, en:
- Valores inferiores de exposición: $L_{Aeq,d} = 80$ dB(A) e $L_{pico} = 135$ dB(C).
 - Valores inferiores de exposición: $L_{Aeq,d} = 80$ dB(A) e $L_{pico} = 137$ dB(C).
 - Valores inferiores de exposición: $L_{Aeq,d} = 83$ dB(A) e $L_{pico} = 130$ dB(C).
119. Que periodicidade establece o RD 286/2006 de protección da saúde e a seguridade dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición ao ruído, para que o empresario realice unha avaliación baseada na medición dos niveis de ruído a que estean expostos os traballadores?
- Como mínimo cada dous anos nos postos de traballo nos que se excedan os valores superiores de exposición que dan lugar a unha acción, ou cada tres anos cando se excedan os valores inferiores de exposición que dan lugar a unha acción.
 - Como mínimo cada ano nos postos de traballo nos que se excedan os valores superiores de exposición que dan lugar a unha acción, ou cada tres anos cando se excedan os valores inferiores de exposición que dan lugar a unha acción.
 - Como mínimo cada tres anos nos postos de traballo nos que se excedan os valores superiores de exposición que dan lugar a unha acción, ou cada cinco anos cando se excedan os valores inferiores de exposición que dan lugar a unha acción.

120. O ruído estable é aquel cuxo nivel de presión acústica ponderado A permanece esencialmente constante. Considerarase que cumpre tal condición cando a diferenza entre os valores máximos e mínimo de L_{pA} , medido utilizando as características "SLOW" de acordo á norma UNE-EN 60651, é inferior a:
- 3 dB
 - 5 dB
 - 7 dB

PREGUNTAS DE RESERVA

121. Que tipo de estudo con humanos é máis útil para estudar se un efecto adverso crítico está asociado coa exposición a curto prazo dun axente químico?
- Estudos transversais.
 - Estudos epidemiolóxicos de cohorte ou de caso-control.
 - Estudos con voluntarios.
122. En caso de condutas médicas de notoria gravidade que infrinxan as normas do Código de Deontoloxía Médica e os Colexios Médicos:
- Poranse en coñecemento da autoridade xudicial correspondente.
 - Poranse en coñecemento da Inspección Médica para que incoe o expediente.
 - Deberáse actuar de oficio incoando o correspondente expediente.
123. Segundo o disposto no RD 665/1997 de 12 de maio, sobre protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes canceríxenos durante o traballo:
- Deberá comunicarse á autoridade laboral todo caso de cancro que se recoñeza resultante da exposición a un axente canceríxeno ou mutáxeno durante o traballo.
 - Deberá comunicarse á autoridade sanitaria todo caso de cancro que se recoñeza resultante da exposición a un axente canceríxeno ou mutáxeno durante o traballo.
 - Deberá comunicarse á autoridade laboral e autoridade sanitaria todo caso de cancro que se recoñeza resultante da exposición a un axente canceríxeno ou mutáxeno durante o traballo.
124. En quen recae a Secretaría da Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo, como órgano de apoio técnico e administrativo?
- Na Inspección de Traballo e Seguridade Social.
 - Na Dirección do Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo.
 - Na Secretaría Xeral de Emprego.
125. Quen está obrigado a elixir os equipos de protección individual, conforme ao disposto nos artigos 5 e 6 do Real Decreto 773/1997, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas á utilización polos traballadores de equipos de protección individual?
- O Servizo de Prevención.
 - O/a empresario/a.
 - O/os delegados de prevención, a/as delegada/s de prevención.